

## SESIÓN PLENARIA ORDINARIA DE 28 DE XUÑO DE 2018

Na Casa Consistorial de Outeiro de Rei, ás 13:10 minutos do día 28 de xuño de 2018 baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, D. José Pardo Lombao, e asistencia do Secretario, D. José María Vázquez Pita, reuníronse os Srs. Concelleiros, D<sup>a</sup> María Begoña Seco Varela, D. Jesús Fernández García, D. Antonio López Pérez, D<sup>a</sup> Pilar Méndez Lombao; D<sup>a</sup> María José Martínez Vigo; D<sup>a</sup> Tania Díaz Seijas, D. Xabier Molinos Campos, D. Xosé Ferreiro Fernández, D<sup>a</sup> Magdalena Ron Villar, D<sup>a</sup> Juana Romero García e D<sup>a</sup> Luisa Meilán Lombao, co obxecto de celebrar a presente sesión ordinaria.

Aberto o acto pola Presidencia, pasouse ao exame dos asuntos comprendidos na orde do día, adoptándose os seguintes acordos:

### 1. APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR

Ponse de manifesto aos srs. Concelleiros a acta da sesión celebrada o día 31 de maio de 2018.

O concelleiro Xavier Molinos Campos do grupo municipal do BNG fai uso da palabra e afirma que existen un par de erros que deben ser corrixidos. O primeiro de eles consiste en que cando el falaba da porcentaxe que implican as taxas e impostos municipais sobor o orzamento de ingresos, fixo referencia á porcentaxe do 60%, non do 70% que figura na acta.

O segundo erro fai referencia a un parágrafo mal redactado xa que non ten sentido, e que figura co seguinte teor literal: *Tamén afirma a Lei que o Alcalde someterá antes do 1 de xuño a conta xeral á comisión especial de contas, e afirma tamén o ROF que a comisión especial de contas.*

Este parágrafo debería recoller, segundo a súa intervención, que o artigo 127.2 do ROF establece que *Corresponde á Comisión Especial de Contas o exame, estudo e informe de todas as contas, orzamentarias e extrapresupuestarias, que deba aprobar o Pleno da Corporación, de acordo co establecido na lexislación reguladora da contabilidade das entidades locais.*

Parece que se omitiu a transcripción do final do parágrafo, polo que debe ser subsanado.

O Alcalde acepta tales propostas de corección, e propón ao Pleno da Corporación a aprobación da acta coas correccións indicadas polo concelleiro do grupo municipal do BNG.

Realizada a votación, a acta resulta aprobada pola unanimidade dos membros presentes.

## **2.- MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG PARA QUE O GOBERNO MUNICIPAL ELABORE UNHA ORDENANZA REGULADORA DA CORTA E SACA DE MADEIRA NO MUNICIPIO DE OUTEIRO DE REI.**

Iníciase o tratamento do punto da orde do día coa defensa, polo voceiro do grupo municipal do BNG, da moción presentada con data de 25 de xuño de 2018, do seguinte teor literal:

Xosé Ferreiro Fernández e Xabier Molinos Campos, concelleiros do Grupo Municipal do BNG no Concello de Outeiro de Reí, ao abeiro da lexislación vixente, presentan a seguinte: MOCIÓN PARA QUE O GOBERNO MUNICIPAL ELABORE UNHA ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DA CORTA E SACA DE MADEIRA NO MUNICIPIO DE OUTEIRO DE REI

### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

Co abandono paulatino do sector agrario e gandeiro ao que están abocando aos labregos do noso país as políticas. levadas a cabo polos goberno de Bruxelas, Madrid e Xunta de Galicia, cada vez temos no noso concello máis terreos aos que unha vez abandonada a actividade agraria se lles dá un uso forestal, ben sexa controlado e coidado ou ben pola propia evolución natural dos terreos abandonados.

Isto leva consigo que a actividade das empresas madeireiras, a gran maioría de fóra do concellos, sexa cada vez máis intensa en todos a cada un dos barrios e parroquias de Outeiro, facendo os traballos de corta, amontamento e transporte con maquinaria cada vez máis potente e pesada.

Esta actividade fai que se deterioren especialmente as pistas polas que circulan e traballan, dado que estas non están preparadas en moitos casos para os tonelaxes dos camións e máquinas que estas empresas utilizan. Ademais disto, estas empresas tamén se ven obrigados a atacar as cunetas en moitos casos para poder entrar e saír das fincas, así como a amontoar a madeira nas beiras das estradas ou pistas, deixando cantidades de restos forestais nestas beiras ou nas propias calzadas, restos que en moitos casos quedan aí moitos meses sen que sexan retirados.

Aínda que como é lóxico, o concello ten que permitir, e incluso fomentar, as actividades económicas no noso municipio, tamén é a súa obriga que os efectos negativos desta actividade non repercuta sobre o conxunto da cidadanía, sendo obriga deste poñer uns límites e unhas regulacións para que isto non aconteza.

As empresas que teñen a súa sede no concello teñen que pagar unha serie de taxas e impostos polos servizos que reciben do concello así como pola propia actividade económica. Por iso, dende o BNG cremos que tamén resulta bastante coherente que as empresas foráneas que levan a cabo as súas actividades económicas dentro no noso concello, e polo tanto obteñen os seus beneficios, tamén colaboren en sufragar os gastos que ocasiona esa actividade económica coa que se lucran.

Deste xeito, dende o BNG cremos que a actividade destas empresas debера ter unha regulación municipal que controlase os efectos negativos dela sobre os bens

públicos e para elo faise necesario e imprescindible a elaboración o antes posible dunha ordenanza municipal que regule todas estas cuestión, ordenanza da que carece neste momento o concello de Outeiro de Rei.

Dado que xa son moitos os concellos da nosa contorna que xa dispoñen dunha ordenanza deste tipo, dende o BNG anexamos a esta moción unha proposta de ordenanza, someténdoa por suposto a estudo dos técnicos do concello e do propio goberno municipal, para que poida ser tomada como base para a elaboración dese proxecto de regulamento para o posterior debate e aprobación definitiva por parte deste Pleno.

Por todo o exposto con anterioridade, e seguindo coa política de facer sempre propostas construtivas, o Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego no concello de Outeiro de Rei sométese a debate e aprobación polo Pleno deste concello esta MOCIÓN, proponendo a adopción do seguinte ACORDO:

O Pleno do Concello de Outeiro de Rei insta ao Alcalde e ao Goberno Municipal para que elabore o antes posible unha ordenanza que regule o corte e saca de madeira dentro do termo municipal de Outeiro de: Rei, para o seu debate e aprobación, se fora o caso, por este Pleno Municipal

#### PROPOSTA DE ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DA CORTA E SACA DE MADEIRA NO MUNICIPIO DE OUTEIRO DE REI

Artigo 1º. Obxecto da normativa.

Constitúe .o obxecto desta ordenanza o establecemento dunha regulación no municipio de Outeiro de Rei das cortas e sacas de madeira que faga compatible a liberdade de empresa e o desenvolvemento e explotación do sector forestal, coa preservación do medio natural, a conservación dos camiños e pistas municipais e a seguridade viaria.

Artigo 2º. Concepto de corta e saca de madeira.

Por corta e saca de madeira deberá entenderse, para os efectos desta ordenanza, a totalidade das operacións que se desenvolvan dentro do municipio de Outeiro de Rei que teñan por obxecto a obtención e transporte de madeira de tala, incluíndo tanto as operacións previas ou preparatorias á corta (desprazamento de vehículos e maquinaria, construción de ramplas ou accesos as fincas, preparación do terreo, etc.) como as posteriores (preparación e depósito da madeira, carga e transporte, preparación, almacén e xestión dos restos da corta).

Artigo 3º. Requisitos para as operacións de corta e saca de madeira.

Sen prexuízo da necesaria obtención, con carácter previo dos permisos ou autorizacións que, conforme á normativa vixente, sexan necesarios para cortar plantacións forestais dentro do municipio de Outeiro de Rei cun peso estimado superior a 8 toneladas métricas, será obrigatorio presentar nas oficinas municipais unha comunicación por escrito cunha antelación mínima de tres días.

O escrito de comunicación previa será asinado polo madeireiro, debendo constar nel os seguintes datos:

1. Datos de identificación do propietario forestal e do madeireiro:
  - Persoa física: nome, apelidos, número do DNI ou NIF, enderezo e teléfono.
  - Sociedade ou persoa xurídica: enderezo, CIF, nome e apelidos da persoa encargada ou responsable da empresa e teléfono.
2. Especie de madeira obxecto da corta. Toneladas métricas de madeira que se prevén extraer.
3. Nome da finca ou monte afectado, lugar e parroquia onde se sitúa, identificación en plano catastral
4. Datas previstas de inicio e remate dos traballos.
5. Vehículos e maquinaria a empregar nas operacións de corta e saca.
7. Lugar onde se depositará á espera da súa carga a madeira.
8. Vías a empregar e data prevista para o transporte da madeira.
9. Sistema previsto para a limpeza das vías públicas afectadas polas operacións de corta e saca de madeira.
10. De ser o caso, fotocopia compulsada do permiso, autorización ou licenza de corta expedido pola autoridade competente.
11. Fotocopia compulsada do seguro de responsabilidade civil ou calquera outro similar do madeireiro que cubra os eventuais danos e prexuízos que podan causarse con ocasión da corta e saca da madeira, así como do último recibo pagado, acreditativo de que o dito seguro está vixente no momento de realizarse as ditas operacións. No suposto de que o madeireiro non sexa beneficiario de ningún seguro destas características, deberá facelo constar así expresamente, no escrito de comunicación que presente e prestar fianza en metálico ou aval bancario na forma e contía establecida no artigo 5º.

O Concello de Outeiro de Rei terá a disposición dos interesados un modelo normalizado do escrito de comunicación previa. (Anexo I da presente ordenanza)

O Concello de Outeiro de Rei requirirá ao madeireiro ou ao propietario do monte ou predio forestal a presentación dun escrito de posta en coñecemento cando comprobe que o madeireiro non cumpriu coa súa obriga de presentar nas oficinas municipais o de comunicación previa. O contido deste escrito de posta en coñecemento será o mesmo que o de comunicación previa.

Artigo 4º. Obrigas nas operacións de corta e saca de madeira.

O madeireiro está obrigado á limpeza e retirada dos residuos da corta da madeira de xeito que as pistas, camiños ou espazos públicos queden en todo momento no mesmo estado de limpeza e conservación que tiñan antes de levarse a

cabo as operacións de corta e saca de madeira. Esta obriga de limpeza deberá cumprirse todos os días ao final da xornada.

Así mesmo estará obrigado a sinalizar as vías situadas nas zonas de extracción e depósito da madeira conforme ao establecido na normativa vixente en materia de tráfico, circulación e seguridade viaria.

Prohíbese terminantemente usar as vías públicas para almacén ou depósito da madeira.

O madeireiro ou propietario forestal deberán derrubar e repor ao seu estado anterior as ramplas abertas para facilitar o acceso á finca ou ao monte, co obxecto de que, cando chova, a auga e a terra arrastrada non inunde e cause danos nas pistas ou camiños municipais.

De acordo coa normativa vixente en materia urbanística, queda prohibido efectuar desprazamentos de terra que polas súas características deben ser considerados como movementos de terra.

#### Artigo 5°. Responsabilidade

O madeireiro será responsable directamente de todos os danos e prexuízos a persoas e bens que se produzan ou ocasionen con motivo da corta, depósito e transporte de madeira, debendo reparar o dano causado. O Concello de outeiro de Rei velará especialmente para que as ditas operacións de corta e saca de madeira non ocasionen danos nas vías públicas municipais e estas queden en adecuado estado de limpeza e seguridade.

A obriga da que se fai referencia no número 1 deste artigo será esixible non so polos actos ou comisións propios, senón tamén polos cometidos por calquera persoa que, sen ser empregada ou traballadora do madeireiro, interveña nas operacións de corta e saca da madeira por conta, consentimento ou coa aquiescencia do madeireiro, e, en xeral, polos cometidos por aquelas persoas de quen deba responder.

No suposto de que non sexa titular ou beneficiario de ningún seguro de responsabilidade civil ou similar que garanta a reparación dos danos ou prexuízos que poda ocasionar con motivo das operacións de corta e saca de madeira, o madeireiro deberá constituír fianza en metálico ou aval bancario a prol do Concello na contía fixada polos servizos técnicos municipais, tendo en conta as características do que se pretende (peso da madeira a extraer, vehículos e maquinaria que se pretende utilizar, estado e grao de conservación da vía afectada, etc.) Esta garantía será devolta polo Concello unha vez rematadas as operacións de corta e saca de madeira, a petición do madeireiro e previo informe favorable dos devanditos servizos técnicos municipais.

#### Artigo 6°. Infraccións.

As infraccións a esta ordenanza cualifícanse en moi graves, graves e leves. Constitúen infraccións moi graves:

a) Non presentar o escrito de posta en coñecemento, unha vez requirido para iso polo Concello.

b) Deixar as vías municipais nun moi deficiente estado de sucidade, ocasionando unha situación de risco para a seguridade viaria”.

Trala intervención do voceiro do BNG, a concelleira do PSdG-PSOE pregunta si existe algunha ordenanza municipal que esixa a presentación e avales polas empresas madereras. Tamén pregunta se algún funcionario ou concelleiro se encarga de velar porque as empresas madeiras non produzan danos ou reparen os causados.

A voceira do grupo municipal FLI, manifesta estar de acordo coa moción xa que é de interese veciñal que se manteñan as pista en bo estado e que as empresas madeiras fagan o seu traballo sen facer estragos.

O Alcalde considera discutible que deba incrementarse a carga impositiva ao sector forestal. É certo que a actividade das empresas madeiras inciden na conservación das estradas municipais, se ben no 99% dos supostos na extracción de madeira de fincas pertencentes ao concello de Outeiro de Rei.

Pero non soamente os comións das empresas forestais inciden sobor a conservación e seguridade das estradas, tamén o fan os camións de recollida de leite ou determinada maquinaria agrícola. Mesmo, nos polígonos industriais existe unha intensa circulación de vehículos de gran tonelaxe que lóxicamente incide nas vías públicas.

Na valoración da conveniencia de adoptar estas medidas debe considerarse que a suxeición a tributación de este tipo de actividades repercutirá finalmente sobor os vecinos e penaliza a actividade económica. Polo contrario o estímulo da actividade económica da lugar á xeración de recursos municipais.

Outra cuestión es si se discrimina a unha actividade sobre outra, xa que se propón suxeitar a tribuación a camións (por exemplo de 40tm) de empresas forestais, pero non de transporte de leite ou outra maquinaria agrícola.

Por este motivo, non ten claro que deba establecerse unha tributación de esta natureza.

Cuestión aparte é que, unha vez detectada a produción dun dano concreto no dominio público e identificada á empresa causante -sexa forestal ou non- o Concello deba iniciar expediente de restauración a custa do infractor. Isto debe ser así e así se fai, xa que a lei o permite sen necesidade de ordenanza.

Debido á complexidade da cuestión de momento non está a favor de aprobar unha ordenanza de esta natureza e, de facerse algún día, deberá consensuarse e fálarse moito, especialmente nas zonas madeiras, xa que a demáis de ser as máis afectadas, son as de monor poboación e aquelas que teñen máis problemas para asentar poboación.

A día de hoxe non se esixe aval, e quen vixila é o concelleiro de obras ou mesmo o propio Alcalde.

Remata que debe diferenciarse entre o desgaste propio do tránsito ordinario de maquinaria de gran tonelaxe, dos danos causados nun momento concreto e imputables a unha empresa ou actuación en particular.

O voceiro do BNG non cree que sexa un camiño para asentar poboación nesas zonas o permitir a lei da selva, xa que unha parte considerable dos propietarios dos terreos que están a eucaliptus nesas parroquias residen en Madrid, Coruña, Barcelona.. etc., e non son os propios vecinos do lugar.

Por outra banda, as medidas que se propoñen van moito máis aló da simple tributación, xa que se propón a sinalización das actuacións de saca para evitar perigos, o a adopción de medidas para garantir que, se atacan unha cuneta, a repoñan ao seu estado orixinal, ou que non deixen a madeira pudrir nas fincas ou no propio vial porque non lles sae a conta retirala.

E este tipo de actuacións son propias, en máis dun 90%, ás empresas do sector forestal, as cales na súa meirande parte non pertencen ao concello de Outeiro de Rei.

Con esto se trata de que estas empresas obteñan o seu beneficio económico lícito, pero si producen danos que o sufragen, e que non o teñan que soportar tódolos veciños do concello.

Por iso, non se trata de establecer unha taxa que, se ben é certo que as empresas a terminaría repercutindo aos propietarios da madeira, tamén o é que, de non facerse así, os custes de reposición dos danos recaerá sobre os propietarios que non teñen madeira e que en nada se benefician da explotación forestal, o que non é lóxico.

Tampouco é lóxico dar o mesmo tratamento ao sector agrícola que ao forestal, xa que as empresas forestales veñen, sacan a madeira e vanse, deixando as estradas deterioradas. Nembargantes, un veciño que se adica ao sector agrícola ten aquí a súa actividade permanente, tributa neste concello e ten a condición de usuario habitual das súas estradas.

Engade que sería moito máis eficiente establecer un sistema de control en unha ordenanza, que relegar a vixilancia aos concelleiros.

Remata preguntando qué sucedeu coa cruz de Maunfe, pregunta que xa foi presentada en, a lo menos, tres ocasións neste Pleno sen que, a día de hoxe, se saiba nada dela. Cruz que desapareceu tras recibir un golpe por un camiión de unha empresa maderera.

A voceira do grupo municipal do PSdG-PSOE, pregunta quen arranxa os desperfectos ocasionados polas labores de saca de madeira.

A voceira do grupo municipal de FLI considera que aqueles que teñen beneficios asuman tamén as responsabilidades da súa actividade. Isto é algo de sentido común que non perxudica a ningún. E esta medida de sentido común acádase con unha regulación axeitada a través de unha ordenanza municipal.

O Alcalde discrepa do parecer expresado polo voceiro do BNG de que a meirande parte dos propietarios das explotacións forestais do concello son foráneos, xa que en esas parroquias vive xente e máis teñen pouca actividade agraria.

Afirma que o Concello, si se identifica ao maderista causante dos danos, esíxelle a reparación dos danos e se lle impón unha sanción. Isto xa se está a facer e para iso non se necesita ordenanza.

En tanto a restauración dos danos non esixe de aprobación de ordenanza e non está de acordo con establecer unha taxa para a corta de madeira, anuncia o seu rexeitamento da moción.

Rematado o debate, sométese a votación o texto da moción.

Realizada a votación, a moción resulta rexeitada con sete votos en contra pertencentes aos concelleiros do grupo municipal do PP, e cinco votos a favor.

### **3. MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG PARA QUE O PLENO DO CONCELLO DE OUTEIRO DE REI INSTE AO GOBERNO DA DEPUTACIÓN DE LUGO A CONSTRUIR UNHA RUTA VERDE NA LU-P-3908, ENTRE AS URBANIZACIÓNS DE GUILLAR E O CANEIRO DE O PIAGO**

Iníciase o tratamento do punto da orde do día coa defensa, polo concelleiro do grupo municipal do BNG don Xavier Molinos Campos da moción presentada con data de 25 de xuño de 2018, do seguinte teor literal:

Xosé Ferreiro Fernández e Xabier Molinos Campos, concelleiros do Grupo Municipal do BNG no Concello de Outeiro de Rei, ao abeiro da lexislación vixente, presentan a seguinte MOCIÓN PARA QUE O PLENO DO CONCELLO DE OUTEIRO INSTE AO GOBERNO DA DEPUTACIÓN DE LUGO A CONSTRUIR UNHA RUTA VERDE NA LU-P-3908, ENTRE AS URBANIZACIÓNS DE GUILLAR E O CANEIRO DO PIAGO

#### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

Como é ben sabido, a zona de Guillar e as súas urbanizacións estanse a converter nun dos centros residencias máis importantes do concello, vivindo nesa zona xa máis de 600 persoas.

Do mesmo xeito, esa concentración de persoas leva consigo que o número de familias que se establezan nesa zona aínda que non sexa concretamente nas urbanizacións, tamén vaia en aumento. Esta circunstancia acontece moi claramente a o longo da estrada de titularidade da Deputación de Lugo que vai dende esas urbanizacións ata Martul (strada LU-P-3908).

Ese tramo de estrada concretamente, ten dous atractivos moi especiais como son Marcelle Natureza e o Caneiro do Piago, o que fai que a cantidade de persoas que circulan por esa vía de comunicación aínda sexa maior.

Todas estas situacións provocan que ao longo desta estrada se atopen case todo o ano multitude de persoas paseando, a pé ou en bicicleta, ou facendo deporte pola



propia estrada, dado que non existen beirarrúas ou arcéns polos que poder desprazarse.

Tampouco existen camiños alternativos paralelos á propia estrada que permitan levar a cabo este tipo de actividades.

Ademais, como circunstancia aínda máis grave, moitas desta persoas son maiores ou trátase de nenos e nenas, colectivos máis vulnerables cara a posíbeis accidentes en vías de comunicación sen as medidas de seguridade pertinentes.

É por iso que a existencia dunha ruta verde, un carril separado da estrada polo que puideran circular as persoas a pé ou facendo deporte así como as propias bicicletas faise case imprescindible e daría un importante valor engadido e esta zona.

Nas últimas semanas estase vendo como a Deputación Provincial inviste fondos que construír vías verdes ou carrís para bicicletas en zonas do concello de Lugo, carrís que teñen os mesmos obxectivos que aquí perseguimos, polo que parece bastante coherente solicitar que neste transitado tramo de estrada da súa propiedade actúe do mesmo xeito.

Por todo o exposto con anterioridade, e seguindo coa política de facer sempre propostas construtivas, o Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego no concello de Outeiro de Rei sométese a debate e aprobación polo Pleno deste concello esta MOCIÓN, proponendo a adopción do seguinte ACORDO:

O Pleno do Concello de Outeiro insta ao Goberno da Deputación de Lugo para que proceda a construír na maior brevidade posible unha ruta verde no tramo da súa titularidade da estrada provincial LU-P-3908, entre as urbanizacións de Guillar e a ponte do Piago no concello de Outeiro de Rei”.

Trala intervención do concelleiro do BNG fai uso da palabra a voceira do grupo municipal de FLI, quen recorda que o seu grupo municipal xa presentou mocións neste sentido, e propoñen que se rehabilite o caneiro do Piago, que é un lugar que atrae a moitos visitantes e se atopa un pouco abandonada.

Tamén está abandonada a confluencia do camiño do Piago con Marcelle, que é de titularidade da Deputación e que está a monte, o que non se explica xa que se trata de un recurso turístico moi importante do concello.

O Alcalde estaría de acordo con esta moción sempre que se engada que se prolongue esta vía verde até Martul, na que existe unha poboación moi concentrada e se atopa moi cerca.

Os concelleiros do BNG expresan a conformidade coa proposta de enmenda do Alcalde.

O Alcalde engade que esta moción manifesta a incoherencia do BNG, xa que estivo a gobernar a Deputación durante oito anos e non fixo nada. De feito, debería propoñérselle á Deputación que arranxe esa e as restantes estradas, xa que están feitas un desastre.

O feito é que durante os oito anos de Besteiro e os tres últimos, a Deputación non invertiu nada, e soamente fai un amaño cando as estradas cortan as rodas.

En relación ao que a voceira de FLI chama área recreativa, informa que alí non existe unha área recreativa, senón unha propiedade privada, aínda que é certo que é un espazo moi bonito e que sería desexable que se convertise nunha área recreativa.

O concelleiro do BNG acepta a enmenda e aplaude a iniciativa de levar a senda verde a Martul. Agora ben, recórdalle ao Alcalde que o PP tamén gobernou a Deputación e tampouco fixo nada ao respecto.

Tamén recorda que a senda verde discurre por un tramo propiedade do concello de Outeiro de Rei e vostede leva dezanove anos de Alcalde e tampouco fixo nada.

Rematado o debate, sométese a votación a proposta de moción coa emenda presentada polo grupo municipal do PP.

Realizada a votación, a moción resulta aprobada pola unanimidade dos membros presentes.

#### **4.- MOCIÓN, ROGOS E PREGUNTAS**

O Alcalde informa que existe un gran número de rogos e preguntas, e moitas tan de última hora que non lle deu tempo a lelas. Por iso, roga que se presenten con un pouco máis de antelación.

A instancias do Alcalde, o Secretario da lectura ao rogo presentado polo grupo municipal de FLI con data de 26 de xuño e do seguinte teor literal:

“DOÑA MARÍA MAGDALENA RON VILLAR Y DOÑA JUANA ROMERO GARCÍA, en su condición de concejales del Grupo Municipal Foro Lugo Independiente, EXPONEN

Que con motivo de la convocatoria del pleno ordinario a celebrar el día 28 de junio de 2018 a las 13:00 horas en el Ayuntamiento de Otero de Rey, interesa FORMULAR:

RUEGO.- Que por parte del Sr. Alcalde y sirva este ruego como reiteración una vez más, se busque solución y dé las debidas explicaciones de por qué en estos últimos meses el agua de la traída ha llegado a nuestras viviendas en un estado lamentable e insalubre, no siendo aprovechable ni para uso higiénico, siendo una deficiencia ésta que afecta a todas las familias que carecen de pozo y se ven necesariamente obligados al uso del agua de la traída y por la que este Ayuntamiento les cobra por tener acceso a este servicio mil doscientos euros, cifra con la cual deberían tener un muy buen servicio de abastecimiento y calidad en el agua que consumen y bien pagan.”

O Alcalde afirma que a taxa de enganche é cara porque temos unha rede moi extensa que permite engancharse a todo o mundo. Outra cousa é a taxa polo consumo, que é moi inferior e que resposta do mantemento do servizo.

A calidade da auga é un tema lle preocupa moito, xa que se fixeron grandes inversións e a xuízo dos técnicos temos unha boa depuradora, polo que non se deberían producir estas situacións.

A fin de dar solución a este problema se está a tramitar un novo expediente de contratación da xestión das instalacións de auga, na que se lle atribúe ao concesionario a responsabilidade de cumprir todos os parámetros de calidade. Con esto preténdese mellorar a calidade do servicio.

O Secretario da lectura ao rogo presentado polo grupo municipal de FLI con data de 26 de xuño e do seguinte teor literal:

“DOÑA MARÍA MAGDALENA RON VILLAR Y DOÑA JUANA ROMERO GARCÍA, en su condición de concejales del Grupo Municipal Foro Lugo Independiente EXPONEN

Que con motivo de la convocatoria el pleno ordinario a celebrar el 28 de Junio de 2018 a las 13 horas en el Ayuntamiento de Otero de Rey, interesa FORMULAR

A) RUEGO.-Que por parte del Equipo de Gobierno se realicen todas las gestiones de control de la empresa contratada para las labores de silvicultura, concretamente en la limpieza de arcones y cunetas de los viales de este concello, dado que este año al igual que el año pasado, únicamente se está limpiando en las cunetas el lado exterior, entendiéndose que una cuneta con forma de V, se deberían de limpiar los dos lados de la misma tanto el interior como el exterior, así como recalcar que siguen quedando lugares en los que ni siquiera se realiza esta labor.

B) RUEGO.- Que de la misma manera que a los vecinos se les han incrementado algunos impuestos en concreto el IBI, también este Concello en años como este en el que debido a la meteorología la maleza crece excesivamente, debería incrementar estas labores de silvicultura, mejorando este tipo de servicios.”

O Alcalde informa que a limpeza das cunetas se realiza con un equipo do concello e co reforzo de unha empresa allea. A día de hoxe están a traballar nas labores de desbroce do concello catro tractores e nos próximos días incorporaránse un ou dous máis. Tamén informa que se organiza o servicio coa finalidade de optimizar o gasto público e de evitar que haxa que facer dúas ou tres voltas polo mesmo sitio.

Pero a pesar de este esforzo, leva tres meses dar unha volta a todo o concello, polo que a herba medra e a finais do verán a situación volta ao punto de partida.

Nestes puntos, dáse un segundo corte rápido para atallar a situación, e o corte rápido abrangue á vertente exterior da cuneta.

Finaliza afirmando que existen dificultades para atopar empresas que fagan este traballo no verán debido á alta demanda, dificultades que non son exclusivas de este concello.

A concelleira de FLI, dona Juana Romero, afirma que a limpeza da cuneta por ambas vertentes non se fixo en San Martiño.

O Alcalde respóstalle que, como xa explicou, a segunda volta faise soamente pola vertente máis próxima á explanación, se ben unha vez remate o desbroce do concello se fará outra en maior profundidade.

Insiste en que o obxectivo é que non quede nada sen facer.

O Secretario da lectura ao rogo presentado polo grupo municipal do BNG con data de 28 de xuño e do seguinte teor literal:

“Xosé Ferreiro Fernández e Xabier Molinos Campos, concelleiros do Grupo Municipal do BNG no Concello de Outeiro de Rei, ao abeiro da lexislación vixente, presentan para a súa toma en consideración por parte da Alcaldía o seguinte ROGO

REFERIDO A FALTA DE ALUMEADO PÚBLICO NA PISTA DE SANTA MARIÑA A OUTEIRO, NO SUBTERRÁNEO BAIXO A VÍA DO TREN

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Resulta algo completamente evidente o gran número de vehículos que transitan pola pista que vai dende o cruce de Santa Mariña ata Outeiro de Rei, pasando por debaixo da autoestrada e da vía do tren, pois esta pista dá acceso á vila de Outeiro, á N-VI e á autoestrada a toda a veciñanza das parroquias de Santa Mariña, Cela, Taboi e demais parroquias desa zona do concello.

Ademais do tráfico rodado, tamén existen unha gran cantidade de peóns que circulan ou pasean por esa zona, cuestión que ocorre tanto polo día como nas primeiras horas da noite.

Esta pista ten un punto extremadamente perigoso, no que xa se teñen producido varios accidentes, ao seu paso por debaixo da vía do tren, pois este subterráneo ten moi pouca visibilidade debido aos cambios de nivel (baixada e subidas bruscas) e á súa coincidencia cunha curva bastante pronunciada xusto debaixo da propia vía do tren.

Toda esta perigosidade vese acrecentada pola falta de iluminación existente nese paso subterráneo, pois algunhas das farolas do alumeado público están alí, existen, pero están apagadas.

Ademais diso, algúns veciños da zona manteñen que Renfe no seu día puxo máis farolas das que están alí neste momento, pero que se procedeu a sacalas para poñelas noutro lugar.

É por todo iso polo que dende o Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego queremos presentar ante o Pleno desta Corporación para a súa toma en consideración por parte do Alcalde o seguinte ROGO

Para, que o concello proceda a efectuar os trámites oportunos para que o alumeado público do tramo de vía pública descrita funcione con normalidade, coas farolas existentes e coas que faltan, se tora o caso”.

O Alcalde asegura que cando hai farolas fundidas chama a xente para avisar, e cada quince días faise unha revisión xeral para reparar aquelas das que se ten

coñecemento. Por iso, pídelles que cando vexan algunha deficiencia avisen ao Concello para que se ordene a súa reparación.

O Secretario da lectura ao rogo presentado polo grupo municipal do BNG con data de 28 de xuño e do seguinte teor literal:

“Xosé Ferreiro Fernández e Xabier Molinos Campos, concelleiros do Grupo Municipal do BNG no Concello de Outeiro de Rei, ao abeiro da lexislación vixente, presentan para a súa toma en consideración por parte da Alcaldía o seguinte ROGO REFERIDO A FALTA DE CONTENEDORES PARA A RECOLLIDA DE LIXO SELECTIVO NAS ÁREAS DE PENAS DE RODAS, SANTA ISABEL E CANEIRO DO PIAGO

#### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

As áreas de lecer do noso Concello son lugares de encontro cotiá e moito máis cando chega a época estival; xa que nesta estación gozan delas, tamén, tanto xentes dos concellos próximos como turistas. Non obstante, calquera cidadán pode comprobar que o estado de limpeza delas é manifestamente mellorable.

O lixo convértese en algo habitual nalgúns zonas do Piago, de Penas de Rodas e sobre todo da Santa Isabel, o que non convida precisamente ó seu uso e disfrute.

O fundamental é a limpeza pero tamén é importante o aspecto visual, a impresión que poidamos ter do noso concello e a que poidan levar os forasteiros.

O Concello é responsable do seu mantemento e conservación, debería realizar inspeccións ou revisións delas decote para evitar as situacións que estamos denunciando. É unha obriga de calquera Administración Pública velar pola hixiene, ornato e limpeza dos espazos públicos e neste labor é primordial ter diversidade e cantidade suficiente de contedores onde poder deixalo lixo.

É por todo iso polo que dende o Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego queremos presentar ante o Pleno desta Corporación para a súa toma en consideración por parte do Alcalde o seguinte ROGO:

É fundamental e urxente que o Concello instale nas zonas anteriormente citadas, ademais dos contedores para materia orgánica (existentes durante todo o ano), contedores para depositar plásticos e vidros, xa que esta acción é necesaria para manter limpas e en perfecto estado estas áreas que reciben tantas visitas no verán”.

O Alcalde contesta que os contedores marelos son necesarios para reciclar, non para manter limpo o contorno. O concello non ten desplegada a recollida selectiva por todo o termo municipal, a pesares de que en cada parroquia existe un contenedor de recollida selectiva.

Engade que cando se colocan contedores en lugares que non están próximos as casas, aquilo se converte nun basureiro.

O Secretario da lectura ao escrito de preguntas presentado polo grupo municipal do BNG con data de 28 de xuño e do seguinte teor literal:

“Xosé Ferreiro Fernández e Xabier Molinos Campos, concelleiros do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego no Concello de Outeiro de Rei, ao abeiro da lexislación vixente, presentan para a súa resposta por parte da Alcaldía a seguinte

#### PREGUNTA REFERIDA AO COBRO POR PARTE DO CONCELLO DOS GASTOS DE CONTRUCCIÓN DA REDE DE SANEAMENTO NO BARRIO DE PENELAS

##### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Durante os últimos meses, o concello de Outeiro de Rei procedeu a construír a rede de saneamento nunha parte do barrio de Penelas, na parroquia de Robra.

Polo que coñecemos e as manifestacións do propio Alcalde, as aportacións que fixo o concello para estas obras foron sufragadas, totalmente ou en parte, polos propios veciños, os cales tiveron que pagar un total de 1.000 euros, ademais das taxas de enganche correspondentes cando chegue o momento.

Ao mesmo tempo, tamén se levou a cabo pola mesma empresa a rexeneración do firme da pista procedente de Bonxe e que atravesa este barrio, estrada municipal que estaba moi necesitada desta actuación.

Dende o BNG cremos que estas actuacións teñen unha gran importancia, tanto pola entidade e necesidade das obras como polo importante cobro que se lle fai á veciñanza.

É por todo iso polo que dende o Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego queremos presentar ante o Pleno desta Corporación e para contestación por parte do Alcalde as seguintes PREGUNTAS:

Cal foi o procedemento legal-administrativo usado para cobrar estas cantidades á veciñanza pola construción da súa rede de saneamento?.

Cantos veciños pagaron, o se comprometeron a pagar, esta cantidade polo servizo?

Cando aforrou o concello nas licitación debido á coincidencia dos dous traballos, a construción da rede e a rexeneración da pista de Penelas?.”.

O Alcalde resposta que se asinou un convenio de colaboración que asinaron a meirande parte dos veciños do barrio.

Non sabe o que se aforrou, pero supuxo un esforzo importante xa que xa estaba contratada a rexeneración da estrada, motivo polo cal houbo que artellar o procedemento e negociar cos veciños para poder acadar a vía de facelo sen comprometer o financiamento da estrada.

O Secretario da lectura ao escrito de preguntas presentado polo grupo municipal do BNG con data de 28 de xuño e do seguinte teor literal:

“Xosé Ferreiro Fernández e Xabier Molinos Campos, concelleiros do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego no Concello de Outeiro de Rei, ao abeiro da lexislación vixente, presentan para a súa resposta por parte da Alcaldía a seguinte

## PREGUNTA REFERIDA ÁS ACTUACIÓN DO ALCALDE NO CONFLITO LABORAL QUE ESTÁN A TER OS TRABALLADORES DA EMPRESA DE OUTEIRO DE REI 11 INOXIDABLES DE RÁBADE"

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Nas últimas semanas os traballadores da empresa instalada en Outeiro "Inoxidables de Rábade" están a levar a cabo unha serie de paros intermitentes encamiñados a recuperar os dereitos laborais e salarios que lles foron recortados dende o ano 2008 coa desculpa da crise económica e utilizando como arma as reformas laborais perpetradas polos gobernos de Zapatero e Rajoy.

Estamos ante unha empresa na que se rebaixaron dun xeito substancial as condicións laborais e salariais mentres que ao mesmo tempo a produción non fixo máis que aumentar, senda así un claro exemplo de abuso patronal e de enriquecemento inmoral dos seus accionistas a conta do traballo do persoal.

Hai uns días, no seo deste conflito, os traballadores concentráronse diante do concello para solicitar unha entrevista coa Corporación Municipal. Nesta acto, na reunión que forzaron co Alcalde, este comprometeuse a mediar ante a empresa e en que ía comunicar ao resto da corporación as demandas dos traballadores.

É por todo iso, visto que xa pasaron bastantes días, é polo que dende o Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego queremos presentar ante o Pleno desta Corporación e para contestación por parte do Alcalde as seguintes PREGUNTAS:

Cales foron as actuacións concretas que fixo o Alcalde para axudar aos traballadores neste conflito e cales foron os resultados destas actuacións?.

Cal foi o motivo polo que non se atendeu a petición dos traballadores de ter a reunión co conxunto da Corporación Municipal, tal e como eles solicitaban?.

O Alcalde respondeu que os traballadores viñeron a ver ao Alcalde sen cita previa, motivo polo cal se lles recibiu coma recibe aos demais veciños. O Alcalde engade que o Concello non ten ningún vínculo coa empresa e que carece de competencias en materia laboral, polo que pouco ou nada pode facer neste eido. O único que pode facer, e así o fixo, é recomendar á empresa e aos traballadores que cheguen a un acordo, xa que non é a primeira empresa que empeza así e acaba pechada.

Esta situación lle preocupa e espera que se acade unha boa solución.

O Secretario da lectura ao escrito de preguntas presentado polo grupo municipal do PSdG-PSOE con data de 28 de xuño e do seguinte teor literal:

“O Grupo Municipal Socialista no Concello de Outeiro de Rei, en base ao disposto no artigo 97.7 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das entidades locais e demais normativa que poida resultar de aplicación, presenta diante do Pleno da Corporación a seguinte pregunta:

¿Que criterios se utilizan neste Concello para a concesión de subvencións de carácter cultura, concretamente patrimonio literario do que temos a sorte de contar coa Casa Museo do personaxe ilustre Manuel María, proxecto no que colaboraron na súa creación varias institucións de Galicia (Xunta de Galicia, Deputación de Lugo, Deputación de Coruña, concello de Monforte...), porque a data de hoxe o noso Concello non colabora”.

O Alcalde resposta que o concello tamén colaborou, ao igual que o goberno da Xunta que era do mesmo color que este goberno municipal.

O Secretario da lectura ao escrito de preguntas presentado polo grupo municipal do PSdG-PSOE con data de 28 de xuño e do seguinte teor literal:

“O Grupo Municipal Socialista no Concello de Outeiro de Rei en base. ao disposto nos artigos 91.4 e 97.3 do regulamento de organización, funcionamento e Réxime Xurídico das entidades locais e demais normativa que poida resultar de aplicación, presenta, diante do Pleno da Corporación as seguintes preguntas:

Que ten pensado facer o equipo de Goberno coa casa (granxa) abandonada na parroquia de Sobrada?”.

O Alcalde afirma que non coñece ningunha casa-granxa.

A concelleira do PSdG-PSOE afirma que se trata de unha edificación en ruínas con cuberta de amianto e á que o Concello non efectuou á declaración de ruína.

O Alcalde respóstalle que ten que formular ben as preguntas, xa que alí non hai ningunha casa e, polo tanto, non foi quen de saber a qué se refería.

Non habiéndose máis asuntos a tratar, o Alcalde levanta a sesión, sendo as catorce horas e corenta e cinco minutos e da que eu, Secretario, extendo a presente acta co visto e prace do Alcalde.

O Secretario

VºPº; O Alcalde